

COLOCACIÓN DO PRONOME PERSOAL ÁTONO

Enclítico (posposto ao verbo)

- En oracións simples: Gustou**me** a película
- En oracións coordinadas: Non ía calor, pero bañáron**se** na piscina
- Cos indefinidos CADA, VARIOS e CERTO: Varios convidados fartáron**se** de percebes
- Con algúns outros indefinidos: *algún, outro, un, os máis, os demais,..*: Os demais preferían**o** así
- Coa maior parte dos adverbios e locucións adverbiais de tempo e lugar: Hoxe en día estúdase**se** pouco. Fóra estase**se** mellor. Mañá véxote**e**.

Proclítico (anteposto ao verbo)

-En oracións desiderativas con suxeito anteposto ao verbo: Mal raio **te** parta!

-En usos enfáticos dalgún elemento: Mil cousas **vos** digo

-En oracións interrogativas e exclamativas con pronome: Que **lle** dixeches?
Que ben **che** senta!

-En oracións negativas: Non **llo** direi. Nunca **che** mentín. Ninguén **me** aconsellou,...

-Con certos indefinidos: *algo, alguén, bastante, ambos, calquera, entrambos, mesmo, todo,...*: Alguén **cho** ten que confirmar,...

-Con adverbios de dúbida: Quizais **che** pregunte a lección mañá

-Con outros adverbios como: *xa, axiña, aínda, sempre, tamén, ben, mal, enseguida, deseguida,...*: Xa **o** sabía. Sempre **o** fai,...

Enclítico ou Proclítico

-Cos adverbios: *aquí, aí, alí, aló, alá, acó, acá, así, logo, agora, sequera* e os rematados en *-mente*, provocando cambio de significado:

Aquí deixe**ino**
Aquí **o** deixei

Logo lévo**che** o café
Logo **che** levo o café

Seguramente **o** verás mañá
Seguramente, vera**lo** mañá

COLOCACIÓN CON FORMAS VERBAIS NON CONXUGADAS

Na estrutura: PREPOSICIÓN + INFINITIVO (que non forme parte de perífrase)

Enclítico ou proclítico ao infinitivo:

Falta ética para **o** facer

Falta ética para facelo

Con verbos de percepción (ver, oír, sentir,...), causativos (obrigar, facer, mandar,...) e modais (deber, poder, querer, saber,...) + INFINITIVO:

Enclítico ao infinitivo ou no lugar que lle corresponda con respecto ao verbo principal (de percepción):

Quero **velo** canto antes
Quéro**o** ver canto antes

Non debe ter**cho** el
Non **cho** debe ter el

En perífrases:

Con participio:

Sempre se coloca con respecto ao verbo principal: Téño**o** feito

Con xerundio:

Enclítico ao xerundio ou no lugar que lle corresponda ao carón do verbo principal:

Segues facéndoo**o** mal

Séguelo**o** facendo mal

Con infinitivo:

Se ten elemento de relación:

Enclítico ou proclítico ao infinitivo ou no lugar que lle corresponda ao carón do verbo principal:

Teño que dar**cho**
Teño que **cho** dar
Téño**cho** que dar

Non teño que dar**cho**
Non teño que **cho** dar
Non **cho** teño que dar

Se non ten elemento de relación:

Enclítico ao infinitivo ou no lugar que lle corresponda ao carón do verbo principal:

Vou mercalo
Vouno mercar

Xamais vou mercalo
Xamais o vou mercar